



CONSELLO
DA AVOGACÍA
GALEGA



FORMACIÓN
Consello da Avogacia Galega



CURSO DE CÁLCULO DE PENAS

Versión xaneiro 2019



ÍNDICE

Presentación	2
Memoria	2
Características do curso	3
Obxectivos do curso	4
Matrícula e inscricións	4
Certificación académica	5
Equipo	5
Como estudar este curso	5
Probas	7
Foro	8
Programa do curso	9
Estatuto do Consello da Avogacía Galega	10

Presentación

Tal e como se indica na exposición de motivos do propio Código Penal:

“Si se ha llegado a definir el ordenamiento jurídico como conjunto de normas que regulan el uso de la fuerza, puede entenderse fácilmente la importancia del Código Penal en cualquier sociedad civilizada. El Código Penal define los delitos y faltas que constituyen los presupuestos de la aplicación de la forma suprema que puede revestir el poder coactivo del Estado: la pena criminal. En consecuencia, ocupa un lugar preeminente en el conjunto del ordenamiento, hasta el punto de que, no sin razón, se ha considerado como una especie de «Constitución negativa». El Código Penal ha de tutelar los valores y principios básicos de la convivencia social.”

As penas que se poden impoñer, segundo este Código, ben con carácter principal ben como accesorias, son privativas de liberdade, privativas doutros dereitos e multas.

Os letrados e letradas deben saber como realizar os cálculos das multas para coñecer as penas máximas e mínimas que poden solicitar e realizar o exercicio da acusación ou da defensa da forma máis axeitada posible.

Memoria

Este curso pretende abordar dunha forma clara e, sobre todo, práctica, a determinación das penas en función dos diversos parámetros que contempla o Código Penal.

Mediante a aplicación dunha serie de regras, unhas aritméticas (que permiten saber como se sube ou baixa en grado ou como se calculan as metades) e outras relativas á



tentativa, á complicidade, ás eximentes, cando hai agravantes, multirreincidencia... Determinarase a pena que se pode solicitar para o acusado.

Trátase dunha ferramenta imprescindible para calquera profesional adicado ao Dereito Penal, especialmente no caso de exercer a defensa, xa que o letrado saberá ata onde pode chegar nunha negociación coas acusacións ou incluso na formulación da súa estratexia de defensa.

Este curso, impartido polo Consello da Avogacía Galega, parte dunha colaboración coa editorial Thomson Reuters Aranzadi, que pon á nosa disposición parte do seu catálogo formativo para chegar ao maior número de profesionais no ámbito territorial de Galicia.

A modalidade formativa en liña facilitará que os contidos estean dispoñibles 24 horas ao día, 365 días ao ano.

Características do curso

Extensión:	★★★★★★☆☆☆☆
Profundidade:	★★★★★★☆☆☆☆
Flexibilidade:	★★★★★★☆☆☆☆

Organiza: Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos Colexios da Avogacía de Galicia e coa participación da editorial Thomson Reuters Aranzadi.

Coordina: Secretaría Técnica CAG.

Dirixido a: profesionais da avogacía galega.

Modalidade: en liña, ou E-learning, desde a web <http://avogacia.gal/formacion> .

Lingua do curso: castelán.

Lingua da plataforma: castelán ou galego, configurable por cada usuario no seu perfil.

Número de horas lectivas: 30.

Prazo de matrícula: ampliado ata o 15 de febreiro do 2020.

Lugar de matrícula: na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, <https://formacion.avogacia.gal> .

Prezo: 25 € - Colexiados exercentes, non exercentes e alumnos/as do Máster da Avogacía.

Remate do curso: 30 de xuño do 2020.

Superación do curso: para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os exercicios do curso e o cuestionario final de autoavaliación.

Obxectivos do curso

Ensinar a calcular e determinar con soltura e fluidez as penas impositibles en cada situación. Especialmente, as máis complexas: delito continuado, concursos reais mediais, concorrencia de diversas circunstancias modificativas da responsabilidade, etc.

Preténdese que o alumno poida, en cada caso que teña no exercicio da profesión, coñecer cal é a pena máxima e cal é a pena mínima que pode solicitar, o que será de moita utilidade, tanto ao exercer a acusación (penas máximas) como a defensa, en especial, para poder negociar a mínima pena para o acusado.

Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da plataforma formativa do Consello, <https://formacion.avogacia.gal> .

O pagamento da matrícula dá acceso inmediato aos contidos do curso.



Certificación académica

Este curso está homologado polo Consello da Avogacía Galega. Tras completar o estudo de todos os módulos teóricos en liña e trala superación de todos os cuestionarios de autoavaliación, poderase descargar automaticamente e imprimir un certificado cun código seguro de verificación que garante a autenticidade do mesmo.

Equipo

O equipo responsable do presente curso está formado polos seguintes profesionais:

Persoa	Tarefa
ÓSCAR NÚÑEZ-TORRÓN LATORRE AVOGADO ESPECIALIZADO EN DEREITO CIVIL, MERCANTIL, LABORAL E PENAL Membro da Xunta de Goberno do ICA Lugo	Titoría
SERGIO ARAMBURU GUILLÁN AVOGADO Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega	Coordinación do curso
VERÓNICA PAJÓN JACOBE DOCUMENTALISTA Xestora de Formación no Consello da Avogacía Galega	Xestión e maquetación

Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e material de apoio en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña co titor do curso mediante un sistema de foros.

Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes temas organizados por pestanas:



Dentro de cada un dos temas, atópanse contidos formativos de diferente tipo:

- **Formación audiovisual.**



- **Formación interactiva.**

 **Tema1. Introducción a la dosimetría**

- Consulta o contido dun xeito interactivo -

- **Formación en PDF.**

 **Tema1. Introducción a la dosimetría**

- Consulta o contido en PDF -

- **Ejercicios prácticos.**

 **Tema 1. Ejercicio práctico 1**

- **Cuestionarios de autoevaluación.**

 **Cálculo de Penas. Cuestionario de autoevaluación**



Un dos valores engadidos nesta formación é a existencia de vídeos. Dado que se trata dunha formación eminentemente práctica, a explicación visual permite ao alumnado asimilar mellor o temario.

Os contidos teóricos tamén se ofrecen :

- Mediante *paquetes SCORM*, que permiten seguir a formación cunha presentación guiada, con animacións e un formato máis interactivo.
- Mediante documentos en formato PDF, que se poden descargar e imprimir, pero que non permiten realizar os exercicios nin outras actividades interactivas.

Recomendamos, porén, que os materiais non se impriman, porque están en permanente actualización e poden ser variados.

Probas

Ao final de cada tema hai varios exercicios prácticos: catro no tema 1, doce no tema 2 e seis no tema 3.

Todos os exercicios deben subirse á plataforma. Unha vez subido o documento, o alumno/a recibirá un modelo coa resposta correcta e a súa explicación, para que poida confrontala coa súa proposta de solución. Este proceso non é automático e pode levar entre 24 e 48 horas hábiles.

Como avaliación final, haberá unha proba de autoavaliación consistente nun cuestionario de tipo test, que se corrixe automaticamente.

Tanto os exercicios prácticos como o cuestionario tipo test deben ser aprobados para a obtención do diploma acreditativo da superación do curso.

É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas antes da realización das probas.

Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e o titor poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo.

É a través dos foros onde se deben formular as dúbidas sobre o temario, e onde se dan os debates e discusións dos temas do curso. Son unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e constitúen espazos onde, ademais de resolverse dúbidas, serven para cambiar impresións e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumnado dispón dun foro xeral do curso na parte xeral, na zona superior da aula virtual. É importante a participación do alumno/a, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.

Foro xeral do curso

- Consulta as túas dúbidas co titor do curso -

Novidades

Ademais do foro xeral, o alumno/a poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

****Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles**



Programa do curso

TEMA 1. INTRODUCCIÓN Á DOSIMETRÍA

- Significado das regras de determinación: Proporcionalidade de individualización
- Regras aritméticas comúns
- Cálculo da pena tipo: Aspectos problemáticos
- Determinación das penas superior e inferior en grado
- Determinación da metade superior e inferior

TEMA 2. REGLAS MATERIAIS XERAIS DE DETERMINACIÓN DA PENAL

- En función do grado de execución: Tentativa e actos preparatorios
- En función da autoría: Complicidade e art. 65.3
- En función das circunstancias privilexiadas
- En función das circunstancias ordinarias

TEMA 3. REGLAS MATERIAIS ESPECÍFICAS DE DETERMINACIÓN DA PENA

- En función da continuidade delituosa
- En función dos concursos real medial e ideal
- Concurso real: As acumulacións e os límites do cumprimento da pena

Estatuto do Consello da Avogacía Galega

APROBADO POR DECRETO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, O
DÍA 3 DE XUÑO DE 1993. (DOG DO DÍA 23)

(...)

Artigo 5

No ámbito territorial da súa competencia, [o Consello] terá as seguintes funcións:

5.1. As atribuídas ao Consello Xeral da Avogacía Española pola Lei de colexios profesionais, en canto teñan ámbito ou repercusión soamente no territorio da Comunidade Autónoma e cantas outras lle foran encomendadas por virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e as competencias propias de cada colexio.

(...)

5.4. Fomentar, crear e organizar institucións, servicios e actividades con relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convintes. Establecer, para tales fins, os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades que correspondan.

(...)